# INFORME SOBRE O MERCADO LABORAL NO SECTOR DO TURISMO E A HOSTALARÍA EN GALICIA.

2011

XUNTA DE GALICIA

# INFORME SOBRE O MERCADO LABORAL NO SECTOR DO TURISMO E A HOSTALARÍA EN GALICIA 2011

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Traballo e Benestar
Santiago de Compostela
2011

**EDITA:**
Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

**COORDINACIÓN:**
Marisa Mallo Fernández
M.ª José Cortés Jiménez

**EQUIPO TÉCNICO:**
Juan Cirilo Arnosa Casal
César Manuel Dans Galán
Rosa María Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
M.ª del Mar Martínez Besada
Sergio Cantalejo Díez
M.ª Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
M.ª Belén Yáñez Barge

**EQUIPO AUXILIAR:**
Francisco de Cal Pose
M.ª Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
M.ª José Porto Pardiñas

## ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN .......... 5
2. AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL .......... 6
3. CONTRATOS POR CNAE (DOUS DÍXITOS) .......... 8
4. PARO POR CNAE .......... 19
5. CONTRATOS POR CNO (CATRO DÍXITOS .......... 28
6. PARO POR CNO .......... 42

# 1. INTRODUCIÓN

Seguindo coa colección de informes que afondan nos diferentes colectivos de interese para o mercado de traballo, este estudo monográfico analiza a situación e a evolución recente no ámbito laboral dos traballadores e traballadoras empregados no sector do turismo e a hostalaría en Galicia.

No actual contexto económico nacional e internacional de crise, a evolución do comportamento do sector turístico evidenciou nos últimos anos unha perda de intensidade no seu crecemento. Nos anos 2008 e 2009 produciuse unha importante contracción da demanda turística; non obstante, o ano 2010 apuntou a unha recuperación, da que se poden sinalar como factores de incidencia a volta ao crecemento do sector no conxunto do ámbito estatal ou ao chamado "efecto Xacobeo" que puido supor o Ano Santo compostelán como foco de atracción do turismo cara á nosa comunidade.

En calquera caso, o requirimento de que a estratexia turística galega teña un horizonte temporal prolongado pasa, entre outras consideracións, por un recoñecemento de novas tendencias e exixencias de sustentabilidade, calidade e innovación, para actualizar o modelo turístico galego co obxecto de fortalecer as bases en que gravitan o seu crecemento e a súa competitividade, o cal require seguir avanzando, entre outras cuestións, na resolución de problemas como a estacionalidade ou a ampliación da oferta diversificada de produtos.

Este informe amosa a realidade actual e a recente evolución do sector a través dos principais indicadores que caracterizan a situación do mercado laboral en Galicia. A gran maioría das magnitudes que describen a evolución das diferentes variables que explican o comportamento do mercado laboral do sector turístico e hostaleiro de Galicia, especialmente nas variables que miden a afiliación e a contratación, permiten avalar a idea de que 2010 foi un ano de repunte do sector cara á recuperación, tras dous anos difíciles.

Esta análise está baseada en datos elaborados a partir de fontes de información estatística como o Instituto Galego de Estatística, o Servizo Público de Emprego de Galicia ou a Tesouraría da Seguridade Social.

Para ampliar a información contida neste informe ou outra relevante do mercado laboral galego, pódense consultar as aplicacións web do Instituto Galego das Cualificacións postas á disposición do usuario no seguinte enderezo:
http://emprego.xunta.es/cualificacions/

## 2. AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

| CNAE 2009 | 31 dec. 2009 | 31 dec. 2010 | Variación | Variación % |
|---|---|---|---|---|
| **Hoteis e aloxamentos similares** | 6.542 | 6.730 | 188 | 2,9% |
| **Aloxamentos turísticos** | 858 | 829 | -29 | -3,4% |
| **Cámpings** | 113 | 118 | 5 | 4,4% |
| **Outros aloxamentos** | 378 | 357 | -21 | -5,6% |
| **Restaurantes e postos de comida** | 14.649 | 14.742 | 93 | 0,6% |
| **Provisión de comidas preparadas para eventos** | 1.370 | 1.366 | -4 | -0,3% |
| **Outros servizos de comidas** | 2.151 | 2.298 | 147 | 6,8% |
| **Establecementos de bebidas** | 38.932 | 39.514 | 582 | 1,5% |
| **Actividades das axencias de viaxes** | 1.349 | 1.269 | -80 | -5,9% |
| **Actividades dos operadores turísticos** | 157 | 106 | -51 | -32,5% |
| **Outros servizos de reservas e actividades relacionadas** | 224 | 219 | -5 | -2,2% |
| **Total CNAE de turismo** | **66.723** | **67.548** | **825** | 1,2% |
| **Total todos os CNAE** | **959.534** | **930.547** | **-28.987** | -3,0% |

O sector do turismo en Galicia acadou no ano 2010 un total de 67.548 afiliados en alta na Seguridade Social. Este rexistro é o resultado da suma do conxunto de actividades propias de turismo e hostalaría, segundo establece a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009), nas que se afiliaron os traballadores e traballadoras galegos. A cifra total de afiliados en alta para o conxunto de todas as actividades que conforman o tecido produtivo galego foi de 930.547. O sector do turismo representou, polo tanto, un 7,2% do conxunto da afiliación en Galicia nese ano.




A evolución interanual de afiliación á Seguridade Social experimentou unha contracción no ano 2010, de xeito que pasou de 959.534 afiliados en 2009 a 930.547 no ano seguinte. O mercado laboral galego sufriu unha perda anual de case 29.000 afiliados.

Dentro do panorama xeral de recesión xeneralizada da economía en Galicia, o sector do turismo e a hostalaría rexistrou un mellor comportamento no que se refire ao número de afiliados en alta no sistema da Seguridade Social. Neste eido, a evolución do sector supuxo que no ano 2010 se rexistrasen 825 afiliacións máis que no ano anterior. En termos porcentuais, a variación interanual do conxunto da afiliación galega descendeu un 3%, mentres que no sector do turismo e a hostalaría se incrementou nun 1,2%.

Polo tanto, aínda que no conxunto das actividades económicas que conforman o tecido produtivo de Galicia o número de afiliados á Seguridade Social descendeu no ano 2010, e polo tanto experimentou unha evolución negativa, no ámbito das actividades que conforman o sector do turismo e a hostalaría, a evolución da afiliación á Seguridade Social foi positiva.




Dentro do sector, a meirande parte de afiliación concéntrase nas actividades propias da hostalaría, como son, principalmente, os establecementos de bebidas e os restaurantes e postos de comida. Entre as dúas, representan o 80% da afiliación do sector. Ambas experimentaron unha evolución positiva con respecto ao ano 2009. A seguinte actividade con maior número de afiliados (6.730) foi a de hoteis e aloxamentos similares, que tamén presentou un comportamento evolutivo positivo, cun incremento de 188 novas afiliacións á Seguridade Social. As actividades económicas que rexistraron unha redución no seu número de afiliados, caso de actividades de axencias de viaxes, de operadores turísticos ou doutros aloxamentos distintos a hoteis, son de pouco peso no conxunto do sector.

# 3 CONTRATOS POR CNAE (DOUS DÍXITOS)

| Actividades económicas | Provincias | 2009 | 2010 |
|---|---|---|---|
| Servizos de aloxamento | A Coruña | 8.235 | 7.643 |
| Servizos de aloxamento | Lugo | 2.185 | 2.116 |
| Servizos de aloxamento | Ourense | 2.165 | 1.874 |
| Servizos de aloxamento | Pontevedra | 8.922 | 9.002 |
| **Total servizos de aloxamento** | | **21.507** | **20.635** |
| Servizos de comidas e bebidas | A Coruña | 24.149 | 26.089 |
| Servizos de comidas e bebidas | Lugo | 6.988 | 7.539 |
| Servizos de comidas e bebidas | Ourense | 5.062 | 5.528 |
| Servizos de comidas e bebidas | Pontevedra | 25.579 | 26.557 |
| **Total servizos de comidas e bebidas** | | **61.778** | **65.713** |
| Actividades de axencias de viaxes | A Coruña | 1.673 | 1.455 |
| Actividades de axencias de viaxes | Lugo | 340 | 237 |
| Actividades de axencias de viaxes | Ourense | 131 | 107 |
| Actividades de axencias de viaxes | Pontevedra | 1.935 | 2.107 |
| **Total actividades de axencias de viaxes** | | **4.079** | **3.906** |
| **Total xeral** | | **87.364** | **90.254** |

Os contratos que se realizan no sector do turismo e a hostalaría rexístranse en tres actividades, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas na súa desagregación a dous díxitos. Estas tres actividades que cobren o abano dos contratos rexistrados no sector do turismo en Galicia son as seguintes: os servizos de aloxamento, os servizos de comidas e bebidas e as actividades das axencias de viaxes. O total de contratos rexistrados no conxunto destas tres actividades no ano 2010 foi de 90.254, o que supuxo un incremento de 2.890 contratos con respecto ao ano 2009. Esta evolución positiva do conxunto do sector foi protagonizada exclusivamente polo bo comportamento rexistrado na actividade de servizos de comidas e bebidas, que pasou dos 61.778 contratos rexistrados en 2009 aos 65.713 de 2010. Nas outras dúas actividades económicas que completan o sector: servizos de aloxamento e actividades das axencias de viaxes, o número de contratos descendeu no seu volume interanual. No primeiro caso, o ano 2009 rexistrou un total de 21.507 contratos, por 20.635 acadados en 2010. O número de contratos rexistrados nas actividades que desenvolven as axencias de viaxes baixou desde os 4.079 do ano 2009 aos 3.906 do ano 2010. En calquera caso, o incremento contractual producido nas actividades propias dos establecementos de comidas e bebidas é superior ao descenso rexistrado nas outras dúas actividades económicas, polo que o sector experimentou unha evolución positiva no conxunto do ano 2010.







A evolución positiva do sector do turismo e a hostalería contrasta cos datos xerais da evolución da contratación no conxunto das actividades económicas que conforman o mercado laboral galego. Os contratos en Galicia, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas, rexistraron no ano 2010 unha cifra de 680.624, mentres que no ano anterior o total ascendeu a 683.131, o que supuxo unha redución de 2.507 contratos. Se o comparamos coa evolución do turismo, podemos constatar un incremento de contracción do sector en 2.890 contratos, significando unha variación interanual dun 3,3%, mentres que a variación da contracción xeral descendeu un -0,4%.




A provincia de Pontevedra presenta un maior dinamismo contractual que a da Coruña, malia contar con menor poboación. Concretamente, no ano 2010 rexistráronse 37.666 contratos, mentres que na provincia da Coruña a cifra ascendeu a 35.187. As provincias de Lugo e Ourense acadaron un volume de contratación de 9.892 e 7.509 contratos, respectivamente.

Cómpre subliñar que o ascenso interanual de contratación no sector, desde o ano 2009 ao 2010, se acada nas catro provincias.




O maior número de contratos rexistrados no sector no ano 2010 produciuse en actividades relacionadas cos servizos de comidas e bebidas, que engloba os servizos propios da hostalaría. Tanto na provincia de Pontevedra como na da Coruña, o volume de contratos superou os 26.000. En Lugo asinάronse 7.539 e en Ourense 5.528. No conxunto de Galicia rexistráronse 65.713 contratos nesta actividade sobre un total de 90.254 contratos asinados no total do sector. Isto supuxo que o 72,8% dos contratos que se formalizaron en Galicia no ano 2010 no sector do turismo e a hostalaría correspondesen a actividades englobadas na actividade de servizos de comidas e bebidas.

As actividades encadradas dentro dos servizos de aloxamento rexistraron un número de contratos que ascendeu a 20.635, unha porcentaxe do 22,9% do total de contratos asinados no sector. A provincia de Pontevedra é a que recolle o maior número de contratos, cunha cifra de 9.002; na provincia da Coruña rexistráronse 7.643, mentres que en Lugo e en Ourense foron 2.116 e 1.874, respectivamente.

A contratación dentro da actividade que prestan as axencias de viaxes amosa os niveis máis baixos. No ano 2004 a cifra de contratos nesta actividade económica foi de 3.906, o que representou o 4,3% do total do sector. Con respecto ao ano 2009, o número de contratos descendeu en 173. A provincia de Pontevedra, con 2.017 contratos, e a da Coruña, con 1.455, acaparan a gran maioría da contratación. En Lugo e en Ourense os contratos foron 237 e 107, respectivamente.




Os contratos rexistrados dentro dos servizos de aloxamento experimentaron un descenso nas provincias da Coruña, Ourense e Lugo, mentres que na provincia de Pontevedra o comportamento desta actividade económica foi mellor e rexistrou unha subida de 80 contratos con respecto ao ano 2009.




No ano 2010 as catro provincias galegas experimentaron un incremento de 3.935 contratos con respecto ao ano 2009. A maior subida produciuse na provincia da Coruña, con 1.940 contratos máis que en 2009; a provincia de Pontevedra incrementou a súa contratación en case mil novos contratos, mentres que Lugo e Ourense subiron 551 e 466 respectivamente.




O maior número de contratos rexistrouse na provincia de Pontevedra; non obstante, foi nesta provincia onde se produciu a única evolución negativa na contratación, con 172 contratos menos que en 2009. No resto das tres provincias, a actividade contractual experimentou un incremento de 24 contratos en Ourense, 103 en Lugo e 218 na Coruña.

| Sexo | Actividades económicas | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|
| **Home** | Servizos de aloxamento | 7.456 | 7.049 | 14.505 |
| **Home** | Servizos de comidas e bebidas | 23.997 | 25.945 | 49.942 |
| **Home** | Actividades de axencias de viaxes | 1.367 | 1.286 | 2.653 |
| **Home** | Total | 32.820 | 34.280 | 67.100 |
| **Muller** | Servizos de aloxamento | 14.051 | 13.586 | 27.637 |
| **Muller** | Servizos de comidas e bebidas | 37.781 | 39.768 | 77.549 |
| **Muller** | Actividades de axencias de viaxes | 2.712 | 2.620 | 5.332 |
| **Muller** | Total | 54.544 | 55.974 | 110.518 |
| **Total xeral** | **Total xeral** | **87.364** | **90.254** | **177.618** |

O sector do turismo e a hostalaría en Galicia presenta unha preeminencia da contratación feminina. No ano 2010, os contratos realizados a mulleres acadaron un total de 55.974, mentres que os formalizados cos homes foron 34.280. En termos porcentuais, o volume de contratación feminina do sector representou o 62%. Esta preeminencia acádase en cada unha das tres actividades económicas.

Con respecto á evolución interanual da contratación, o comportamento laboral da poboación masculina rexistrou no ano 2010 un incremento lixeiramente superior da contratación con respecto ao colectivo das mulleres. Concretamente, os contratos a homes aumentaron en 1.460 e os concertados con mulleres en 1.430. Nos servizos de aloxamento e nas actividades das axencias de viaxes, a contratación descendeu lixeiramente, tanto entre homes como entre mulleres, pero a subida nas actividades de servizos de comidas e bebidas de case 2.000 novos contratos rexistrados entre o colectivo masculino e outros tantos no feminino fan que o balance final resulte positivo.


Contratos
Home
Muller
13.586
7.049
39.768
25.945
2.620
1.286
55.974
34.280
Servizos de aloxamento
Servizos de comidas e bebidas
Actividades de axencias de viaxes
Total


Contratos homes
2009
2010
7.049
7.456
25.945
23.997
1.286
1.367
34.280
32.820
Servizos de aloxamento
Servizos de comidas e bebidas
Actividades de axencias de viaxes
Total




| Actividades económicas | Idade | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|
| Servizos de aloxamento | **≤25** | 6.305 | 5.592 | 11.897 |
| Servizos de aloxamento | **26 a 35** | 6.697 | 6.579 | 13.276 |
| Servizos de aloxamento | **36 a 45** | 4.939 | 4.708 | 9.647 |
| Servizos de aloxamento | **46 a 55** | 2.944 | 3.065 | 6.009 |
| Servizos de aloxamento | **≥56** | 622 | 691 | 1.313 |
| **Servizos de aloxamento** | **Total** | **21.507** | **20.635** | **42.142** |
| Servizos de comidas e bebidas | **≤25** | 20.685 | 21.364 | 42.049 |
| Servizos de comidas e bebidas | **≥56** | 1.629 | 1.688 | 3.317 |
| Servizos de comidas e bebidas | **26 a 35** | 21.820 | 23.408 | 45.228 |
| Servizos de comidas e bebidas | **36 a 45** | 11.834 | 12.937 | 24.771 |
| Servizos de comidas e bebidas | **46 a 55** | 5.810 | 6.316 | 12.126 |
| **Servizos de comidas e bebidas** | **Total** | **61.778** | **65.713** | **127.491** |
| Actividades de axencias de viaxes | **≤25** | 1.569 | 1.387 | 2.956 |
| Actividades de axencias de viaxes | **≥56** | 85 | 112 | 197 |
| Actividades de axencias de viaxes | **26 a 35** | 1.603 | 1.568 | 3.171 |
| Actividades de axencias de viaxes | **36 a 45** | 572 | 616 | 1.188 |
| Actividades de axencias de viaxes | **46 a 55** | 250 | 223 | 473 |
| **Actividades de axencias de viaxes** | **Total** | **4.079** | **3.906** | **7.985** |
| **Total xeral** | **Total xeral** | **87.364** | **90.254** | **177.618** |

A maior parte da contratación do sector efectúase con traballadores e traballadoras de ata 35 anos. Este grupo de idade aglutina o 66,4% do total dos contratos, é dicir, dous de cada tres contratos asinados en 2010 realizáronse con este colectivo de menor idade. Concretamente, 21.555 contratos rexistráronse entre a poboación de 26 a 35 anos, mentres que o colectivo de menos de 25 acadou un total de 28.343. Obsérvase que, a medida que avanza a idade dos traballadores, diminúe o volume de contratación no sector. A pesar disto, o colectivo de 36 a 45 anos acadou un volume de 18.261 contratos; a partir dos 45 anos, o número baixa de dez mil, e para os maiores de 55 o número de contratos é de 2.491.







No ano 2010, o número de contratos rexistrados a menores de 26 anos dentro do sector de turismo e hostalaría reduciuse en 216 con respecto ao ano 2009. Este grupo de idade foi o único en que se rexistrou un descenso da contratación. Pola contra, entre os traballadores e traballadoras de 25 anos en diante aumentou o número de contratos, especialmente entre o colectivo de 26 a 35, que viu incrementado o seu número de contratos en 1.435




Dentro do sector, as actividades económicas relacionadas cos servizos de aloxamento experimentaron no ano 2010 un descenso da contratación concentrado nos tres primeiros tramos de idade. Os maiores de 45 e de 55 aumentaron lixeiramente o su volume de contratos, malia que, como acabamos de ver, estes tramos de idade presentan un dinamismo da contratación moito menor.




Nos servizos de comidas e bebidas, a subida de contratos foi xeneralizada en todos os grupos de idade.




Os contratos rexistrados no ano 2010 na actividade económica das axencias de viaxes viron descender o seu número con respecto ao ano 2009 en todos os tramos de idade, agás o lixeiro aumento da contratación entre a poboación de máis de 55 anos e tamén no tramo de idade comprendida entre 36 e 45 anos.

| **Actividades económicas** | **Nivel académico** | **2009** | **2010** | **Total xeral** |
|---|---|---|---|---|
| Servizos de aloxamento | **Ata certificado de escolaridade** | 4.644 | 3.984 | 8.628 |
| Servizos de aloxamento | **BUP/Bacharelato superior/COU** | 3.543 | 3.417 | 6.960 |
| Servizos de aloxamento | **Formación profesional** | 2.737 | 2.646 | 5.383 |
| Servizos de aloxamento | **Titulación ensinanza obrigatoria** | 9.824 | 9.855 | 19.679 |
| Servizos de aloxamento | **Titulados universitarios** | 759 | 733 | 1.492 |
| **Servizos de aloxamento** | **Total** | **21.507** | **20.635** | **42.142** |
| Servizos de comidas e bebidas | **Ata certificado de escolaridade** | 15.913 | 17.342 | 33.255 |
| Servizos de comidas e bebidas | **BUP/Bacharelato superior/COU** | 7.098 | 8.084 | 15.182 |
| Servizos de comidas e bebidas | **Formación profesional** | 4.881 | 4.719 | 9.600 |
| Servizos de comidas e bebidas | **Titulación ensinanza obrigatoria** | 32.745 | 34.511 | 67.256 |
| Servizos de comidas e bebidas | **Titulados universitarios** | 1.141 | 1.057 | 2.198 |
| **Servizos de comidas e bebidas** | **Total** | **61.778** | **65.713** | **127.491** |
| Actividades de axencias de viaxes | **Ata certificado de escolaridade** | 802 | 506 | 1.308 |
| Actividades de axencias de viaxes | **BUP/Bacharelato superior/COU** | 1.087 | 1.156 | 2.243 |
| Actividades de axencias de viaxes | **Formación profesional** | 639 | 613 | 1.252 |
| Actividades de axencias de viaxes | **Titulación ensinanza obrigatoria** | 1.113 | 1.207 | 2.320 |
| Actividades de axencias de viaxes | **Titulados universitarios** | 438 | 424 | 862 |
| **Actividades de axencias de viaxes** | **Total** | **4.079** | **3.906** | **7.985** |
| **Total xeral** | **Total xeral** | **87.364** | **90.254** | **177.618** |

O perfil da contratación no sector do turismo presenta, en termos xerais, un nivel académico baixo. A maior parte dos contratos requiren un escaso nivel de estudos. Nas actividades que engloban os servizos de aloxamento e os servizos de comidas e bebidas, constátase especialmente esta tendencia. Na contratación das actividades das axencias de viaxes, o nivel académico sobe considerablemente.


Contratos
3.984
3.417
2.646
9.855
7.33
Ata Certificado de Escolaridade
Servizos de aloxamento
B.U.P / Bacharelato Superior / C.O.U
Servizos de aloxamento
Formación Profesional
Servizos de aloxamento
Titulación Ensinanza Obrigatoria
Servizos de aloxamento
Titulados Universitarios
Servizos de aloxamento


Contratos
17.342
8.084
4.719
34.511
1.057
Ata Certificado de Escolaridade
Servizos de comidas e bebidas
B.U.P / Bacharelato Superior / C.O.U
Servizos de comidas e bebidas
Formación Profesional
Servizos de comidas e bebidas
Titulación Ensinanza Obrigatoria
Servizos de comidas e bebidas
Titulados Universitarios
Servizos de comidas e bebidas


Contratos
506
1.156
613
1.207
424
Ata Certificado de Escolaridade
Actividades de
B.U.P / Bacharelato Superior / C.O.U
Actividades de
Formación Profesional
Actividades de
Titulación Ensinanza Obrigatoria
Actividades de
Titulados Universitarios
Actividades de

# PARO REXISTRADO CNAE

| Sexo | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|
| HOME | 4.860 | 5.002 | 9.862 |
| MULLER | 15.758 | 16.420 | 32.178 |
| Total xeral | 20.618 | 21.422 | 42.040 |

O paro rexistrado nas actividades económicas propias do sector do turismo e a hostalaría aumentou en 804 persoas no ano 2010 con respecto ao ano anterior. Os homes incrementaron as listas de desemprego nun número de 142 novos parados, mentres que as mulleres paradas do sector aumentaron en 662.

En termos absolutos, a cifra de paro de 2009 ascendía a 20.618 parados, mentres que en 2010 o número de desempregados foi de 21.422. As mulleres, ao teren unha maior actividade contractual dentro do sector, tamén presentan unha cifra de desemprego superior, concretamente, no ano 2010, houbo 16.420 paradas, mentres que a cifra de paro masculino foi de 5.002 parados. Isto significa que o paro feminino acadou un 76,6% do total de paro rexistrado no sector.




Igual que sucedeu no conxunto de actividades económicas, o paro tamén se incrementou no sector do turismo e a hostalería, aínda que en menor medida. O crecemento porcentual do paro en Galicia, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas, representou no ano 2010 un aumento do 6,5%, mentres que o paro propio do sector acadou unha variación interanual do 3,9%; é dicir, o desemprego do sector creceu, pero 2,6 puntos por debaixo da media.






| Act. económica | | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | A Coruña | 125 | 169 | 294 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Lugo | 19 | 20 | 39 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Ourense | 16 | 27 | 43 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Pontevedra | 159 | 179 | 338 |
| **Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes** | **Total** | **319** | **395** | **714** |
| Servizos de aloxamento | A Coruña | 1.098 | 1.146 | 2.244 |
| Servizos de aloxamento | Lugo | 286 | 320 | 606 |
| Servizos de aloxamento | Ourense | 297 | 319 | 616 |
| Servizos de aloxamento | Pontevedra | 1.629 | 1.640 | 3.269 |
| **Servizos de aloxamento** | **total** | **3.310** | **3.425** | **6.735** |
| Servizos de comidas e bebidas | A Coruña | 6.406 | 6.494 | 12.900 |
| Servizos de comidas e bebidas | Lugo | 1.747 | 1.982 | 3.729 |
| Servizos de comidas e bebidas | Ourense | 1.850 | 1.955 | 3.805 |
| Servizos de comidas e bebidas | Pontevedra | 6.986 | 7.171 | 14.157 |
| **Servizos de comidas e bebidas** | **total** | **16.989** | **17.602** | **34.591** |
| **Total xeral** | | **20.618** | **21.422** | **42.040** |

As actividades económicas que dan emprego a un maior número de traballadores son, loxicamente, as que máis acusan o desemprego. Concretamente, na actividade económica que aglutina os traballadores dos servizos de comidas e bebidas observamos as maiores cifras de paro: os 17.602 parados que rexistrou esta actividade en 2010 representan o 82% do total de desempregados do sector, mentres que os servizos de aloxamento e, especialmente, as actividades das axencias de viaxes presentan unhas cifras de paro moi inferiores.

Con respecto á súa evolución, observamos que o desemprego se incrementou nas tres actividades económicas dun xeito similar segundo o seu volume, e que este aumento se produciu en todas as provincias.






Dentro desta actividade, obsérvase que a provincia de Pontevedra rexistrou en 2010 o maior número de desempregados, dez máis que a da Coruña. Se temos en conta que os contratos na provincia de Pontevedra ascenderon a 2.107 e os da Coruña a 1.455, podemos concluír que esta última presenta un maior índice de desemprego.




Dentro da actividade económica de servizos de aloxamento, a provincia de Pontevedra presenta un maior dinamismo e un mellor comportamento nas variables de contratación e paro que a provincia da Coruña; en Pontevedra, o paro subiu en 11 persoas en 2010, pero os contratos incrementáronse nunha cifra superior; pola contra, o paro rexistrado na provincia da Coruña aumentou en maior medida e, ademais, os contratos baixaron con respecto ao ano 2009.




A maior parte da actividade deste sector concéntrase nos servizos de comidas e bebidas. O maior volume de paro atópase na provincia de Pontevedra, seguida pola da Coruña. O comportamento das variables do mercado laboral na provincia da Coruña presentan un mellor comportamento que as rexistradas para a provincia de Pontevedra: o paro foi inferior en 677 traballadores, mentres que o volume de contratos foi de 468 menos que en Pontevedra.

| | Sexo | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | HOME | 74 | 112 | 186 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | MULLER | 245 | 283 | 528 |
| Total | TOTAL | 319 | 395 | 714 |
| Servizos de aloxamento | HOME | 783 | 765 | 1.548 |
| Servizos de aloxamento | MULLER | 2.527 | 2.660 | 5.187 |
| Total servizos de aloxamento | TOTAL | 3.310 | 3.425 | 6.735 |
| Servizos de comidas e bebidas | HOME | 4.003 | 4.125 | 8.128 |
| Servizos de comidas e bebidas | MULLER | 12.986 | 13.477 | 26.463 |
| Total servizos de comidas e bebidas | TOTAL | 16.989 | 17.602 | 34.591 |
| Total xeral | TOTAL | 20.618 | 21.422 | 42.040 |

As mulleres desempregadas no conxunto de actividades económicas do sector ascenderon no ano 2010 a un total de 16.420, o que supón que o 76,7% do desemprego do sector é feminino. Se relacionamos este dato coa contratación, observamos que o volume de contratación feminina en 2010 representaba o 62%. Polo tanto, o índice de paro feminino resulta superior ao masculino; para este último colectivo, a porcentaxe de contratos era do 38%, mentres que o nivel porcentual de desemprego foi do 23,3%.

O paro incrementouse nas tres actividades económicas, agás entre o colectivo masculino de traballadores dos servizos de aloxamento, que pasou de 783 parados en 2009 a 756 no ano 2010.


Axencias de viaxes
HOME
MULLER
245
74
283
112
2009
2010


Servizos de aloxamento
HOME
MULLER
2.527
783
2.660
765
2009
2010


Servizos de comidas e bebidas
HOME
MULLER
12.986
4.003
13.477
4.125
2009
2010

| | Idade | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | ≤25 | 42 | 44 | 86 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | ≥56 | 15 | 27 | 42 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | 26 a 35 | 147 | 157 | 304 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | 36 a 45 | 78 | 105 | 183 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | 46 a 55 | 37 | 62 | 99 |
| Total actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | | 319 | 395 | 714 |
| Servizos de aloxamento | ≤25 | 371 | 280 | 651 |
| Servizos de aloxamento | ≥56 | 341 | 372 | 713 |
| Servizos de aloxamento | 26 a 35 | 970 | 1.009 | 1.979 |
| Servizos de aloxamento | 36 a 45 | 915 | 964 | 1.879 |
| Servizos de aloxamento | 46 a 55 | 713 | 800 | 1.513 |
| Total servizos de aloxamento | | 3.310 | 3.425 | 6.735 |
| Servizos de comidas e bebidas | ≤25 | 2.431 | 2.167 | 4.598 |
| Servizos de comidas e bebidas | ≥56 | 2.508 | 2.601 | 5.109 |
| Servizos de comidas e bebidas | 26 a 35 | 4.812 | 5.087 | 9.899 |
| Servizos de comidas e bebidas | 36 a 45 | 4.045 | 4.255 | 8.300 |
| Servizos de comidas e bebidas | 46 a 55 | 3.193 | 3.492 | 6.685 |
| Total servizos de comidas e bebidas | | 16.989 | 17.602 | 34.591 |
| Total xeral | | 20.618 | 21.422 | 42.040 |

A maior parte da contratación do sector efectúase con traballadores e traballadoras de ata 35 anos e, polo tanto, o maior volume e desemprego atópase neste tramo de idade. A pesar disto, a porcentaxe de desemprego da poboación máis nova resulta inferior á dos traballadores de máis idade. Os traballadores menores de 36 anos rexistraron no ano 2010 unha porcentaxe de contratos do 64,4%, mentres que o paro representaba o 40,8% do total. No seguinte tramo de idade, 36 a 45 anos, a porcentaxe de contratos foi do 20,2%, mentres que o paro supuxo o 25%. Os traballadores de entre 46 a 55 anos, que representaban o 10,6% dos contratos, acadan no repartimento do paro o 20,3% e os de máis de 55 anos (2,8% dos contratos), acadan unha porcentaxe de paro do 14% do total de todos os grupos de idade. Á vista destes datos, podemos concluír que o desemprego no sector do turismo e a hostalaría amosa un comportamento máis negativo a medida que ascende a idade da persoa traballadora.

O aumento do desemprego no ano 2010 con respecto ao ano anterior nos grupos de idade analizados presentou a excepción da poboación traballadora de menor idade: os menores de 26 anos viron diminuír o paro en 1.353 persoas, a maioría deles dentro dos servizos de comidas e bebidas.


Axencias de viaxes
2009
2010
44
42
27
15
157
147
105
78
62
37
<=25
>=56
26 a 35
36 a 45
46 a 55


Servizos de aloxamento
2009
2010
280
371
372
341
1.009
970
964
915
800
713
<=25
>=56
26 a 35
36 a 45
46 a 55


Servizos de comidas e bebidas
2009
2010
2.167
2.431
2.601
2.508
5.087
4.812
4.255
4.045
3.492
3.193
<=25
>=56
26 a 35
36 a 45
46 a 55

| | Estudos | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Ata certificado de escolaridade* | 27 | 54 | 81 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | BUP/Bacharelato superior/COU | 61 | 73 | 134 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Formación profesional | 79 | 84 | 163 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Outras titulacións | 1 | 1 | 2 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Titulación ensinanza obrigatoria | 58 | 56 | 114 |
| Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes | Titulados universitarios | 93 | 127 | 220 |
| **Total actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes** | | **319** | **395** | **714** |
| Servizos de aloxamento | Ata certificado de escolaridade* | 1.185 | 1.337 | 2.522 |
| Servizos de aloxamento | BUP/Bacharelato superior/COU | 312 | 309 | 621 |
| Servizos de aloxamento | Formación profesional | 452 | 452 | 904 |
| Servizos de aloxamento | Outras titulacións | 3 | 1 | 4 |
| Servizos de aloxamento | Titulación ensinanza obrigatoria | 1.157 | 1.087 | 2.244 |
| Servizos de aloxamento | Titulados universitarios | 201 | 239 | 440 |
| **Total servizos de aloxamento** | | **3.310** | **3.425** | **6.735** |
| Servizos de comidas e bebidas | Ata certificado de escolaridade* | 7.298 | 8.022 | 15.320 |
| Servizos de comidas e bebidas | BUP/Bacharelato superior/COU | 1.334 | 1.339 | 2.673 |
| Servizos de comidas e bebidas | Formación profesional | 1.683 | 1.781 | 3.464 |
| Servizos de comidas e bebidas | Outras titulacións | 6 | 3 | 9 |
| Servizos de comidas e bebidas | Titulación ensinanza obrigatoria | 6.148 | 5.872 | 12.020 |
| Servizos de comidas e bebidas | Titulados universitarios | 520 | 585 | 1105 |
| **Total servizos de comidas e bebidas** | | **16.989** | **17.602** | **34.591** |
| **Total xeral** | | **20.618** | **21.422** | **42.040** |

Pódese salientar como un feito destacable que o maior número de desempregados dentro das actividades propias das axencias de viaxes corresponde aos titulados universitarios.


Axencias de viaxes
54
73
84
1
56
127
Ata Certificado de...
B.U.P / Bacharelato ...
Formación Profesional
Outras Titulacións
Titulación Ensinanza ...
Titulados Universitarios


Servizos de aloxamento
1.337
309
452
1
1.087
239
Ata Certificado de...
B.U.P / Bacharelato ...
Formación Profesional
Outras Titulacións
Titulación Ensinanza ...
Titulados Universitarios


Servizos de comidas e bebidas
8.022
1.339
1.781
3
5.872
585
Ata Certificado de...
B.U.P / Bacharelato ...
Formación Profesional
Outras Titulacións
Titulación Ensinanza ...
Titulados Universitarios

## CONTRATOS CNO (4 díxitos)

| Galicia | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Camareiros, *barmans* e asimilados | 57.122 | 60.280 | 60.765 | 60.868 | 64.261 | 303.296 |
| Cociñeiros e outros preparadores de comidas | 15.786 | 17.063 | 18.014 | 16.598 | 16.679 | 84.140 |
| Empregados de axencias de viaxes | 176 | 171 | 203 | 448 | 580 | 1.578 |
| Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas | 4.760 | 5.447 | 5.481 | 4.425 | 4.962 | 25.075 |
| Xefes de cociñeiros, de camareiros e asimilados | 503 | 467 | 412 | 509 | 513 | 2.404 |
| Total xeral | 78.347 | 83.428 | 84.875 | 82.848 | 86.995 | 416.493 |

A Clasificación Nacional de Ocupacións, na súa desagregación a catro díxitos, considera cinco ocupacións que configuran o conxunto da actividade ocupacional no sector do turismo e a hostalaría: camareiros, barmans e asimilados; cociñeiros e outros preparadores de comidas; empregados das axencias de viaxes; recepcionistas en establecementos distintos de oficinas; e xefes de cociñeiros, de camareiros e asimilados. En total, o conxunto do sector aglutina 86.995 contratos rexistrados no sector en Galicia no ano 2010.

A evolución da contratación nos últimos anos presenta en xeral unha liña ascendente, agás no ano 2009, en que se perderon algo máis de 2.000 contratos con respecto ao ano anterior. O ano 2010 supuxo unha recuperación do volume de contratación do sector, e experimentou un repunte de máis de catro mil contratos con respecto ao ano 2009, co cal rexistra a cifra máis alta de contratos do último quinquenio. Este aumento foi debido basicamente ao incremento experimentado na ocupación de camareiros *barmans* e asimilados.



A maioría dos contratos rexistrados no sector foron asinados na ocupación de camareiros, barmans e asimilados. En concreto, nesta ocupación formalizáronse no ano 2010 un total de 64.261 contratos, o que representa o 73,9% do total do sector. A considerable distancia atópanse os cociñeiros, cunha cifra de 16.679, e a máis distancia os recepcionistas, con 4.962; os empregados de axencias de viaxes e os xefes de cociñeiros e de camareiros só rexistraron 580 e 513 contratos, respectivamente.

| Provincia | Ocupación | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | Total xeral |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
